

DIDÁCTICA

DE

PIANO

COMPLEMENTARIO

ÍNDICE

1.	OBXECTIVOS	4
	A. OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA	4
	B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA	4
	C. OBXECTIVOS DA MATERIA DE PIANO COMPLEMENTARIO	5
2.	CONTIDOS	6
3.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	6
4.	PRIMEIRO CURSO (3º curso de E. Profesionais)	7
	I. OBXECTIVOS	7
	II. CONTIDOS	8
	Temporalización	9
	III. MÍNIMOS ESIXIBLES	9
	IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	9
	V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	10
5.	SEGUNDO CURSO (4º curso de E. Profesionais)	11
	I. OBXECTIVOS	11
	II. CONTIDOS	12
	Temporalización	12
	III. MÍNIMOS ESIXIBLES	13
	IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	13
	V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	13
	VI. RECURSOS DIDÁCTICOS	14
6.	TERCEIRO CURSO (5º Curso de E. Profesionais)	14
	I. OBXECTIVOS	15

II. CONTIDOS	15
Temporalización	15
III. MÍNIMOS ESIXIBLES	16
IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	16
V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	17
VI. RECURSOS DIDÁCTICOS	17
7. CUARTO CURSO (6º Curso de E. Profesionais)	18
I. OBXECTIVOS	18
II. CONTIDOS	18
Temporalización	19
III. MÍNIMOS ESIXIBLES	19
IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	19
V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	20
VI. RECURSOS DIDÁCTICOS	20
8. PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS	21

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

1. **OBXECTIVOS**

A. OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivos xerais contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Habituar a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro

máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

C. OBXECTIVOS DA MATERIA DE PIANO COMPLEMENTARIO

A materia de piano complementario dentro do currículo das ensinanzas profesionais de música terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.

b) Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose á dificultade dun certo nivel.

c) Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura á primeira vista.

d) Ler con fluidez partituras polifónicas, con plena comprensión das súas formulacións harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.

En xeral, tratarase de dar a coñecer ao alumnado as posibilidades profesionais dos estudos que realiza e as implicacións que iso supón desde o punto de vista da autoesixencia, tempo de dedicación, adecuación dos resultados, etc. Máis concretamente, farase chegar ao alumnado a importancia que ten o piano como ferramenta de estudo para poñer en práctica as aprendizaxes doutras materias como Harmonía e Análise, consolidar aspectos de teoría musical ou para achegarse ao acompañamento pianístico que precise o repertorio da súa especialidade. Do mesmo modo, procurarase conseguir por parte do alumno un hábito de estudo a partir da sistematización e organización do traballo, así como do establecemento dunhas “rutinas” para o entrenamento da técnica do instrumento.

2. CONTIDOS

Na materia de piano complementario desenvolveranse os seguintes contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo.
- Planificación do traballo da técnica tendo en conta a unidade profunda dos factores que a determinan.
- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos e desenvolvemento da técnica braquial, caída e lanzamentos de antebrazo e brazo, movementos de rotación e circulares da man e pulso, desprazamentos laterais, etc).
- Principios de dixitación pianística.
- Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataques posibles, en función sempre da dinámica, o fraseo e o sentido musical xeral do fragmento de que se trate.
- Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.
- Coñecemento dos pedais e das súas funcións.
- Práctica intensiva da lectura a primeira vista.
- Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles, tales como fórmulas do tipo baixo de Alberti, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, arpexados, etc.) e lectura contrapuntística, estritamente lineal, a dúas e incluso a tres voces.
- Estudos de obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, prestando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa de maneira especial á capacidade de aprender e de realizar de forma inmediata no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O desempeño do alumando avaliarase dacordo aos seguintes criterios de avaliación:

1) Ler textos a primeira vista.

Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.

2) Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía de traballo que lle permita unha certa valoración do seu rendemento.

3) Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.

Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

4) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces.

Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado de adaptarse musical e sonoramente aos seus compañeiros para realizar un traballo común.

5) Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música, e determinar os diferentes tratamentos a que foi sometida polo compositor ou compositora para a realización da obra.

6) Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico. Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.

7) Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc).

Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade de síntese do alumnado e a súa rapidez na realización de pasaxes harmónicas simples, pero de execución relativamente complicada.

8) Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou no acompañamento a un solista.

Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas ou no acompañamento a un solista vocal e instrumental.

4. PRIMEIRO CURSO (3º curso de E. Profesionais)

I. OBXECTIVOS

- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Adquirir unha posición correcta ante o piano e as bases da técnica pianística, buscando a naturalidade nos movementos.
- Adquirir, desde o comezo, hábitos correctos e eficaces de estudio.
- Interpretar varias pezas sinxelas, de diferentes estilos, nas que se porán en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso con especial atención á capacidade do alumno de escoitarse durante a execución.

- Iniciar na lectura a primeira vista.
- Analizar e comprender as pezas que se traballan ao longo do curso.
- Contribuír á formación do alumnado nun criterio estético e estilístico a través do repertorio pianístico que pola súa grande diversidade e amplitude, acada aspectos aos que non sempre é posible acceder a través doutros instrumentos.
- Educar o oído tanto nos aspectos relativos á calidade sonora como naqueles relacionados co recoñecemento das estruturas harmónico-contrapuntísticas.
- Adquirir unha destreza elemental na práctica do acompañamento e da improvisación.

II. CONTIDOS

- Iniciación aos principios técnicos básicos: correcta posición do corpo e da man, clara percepción das sensacións de relaxación e tensión, equilibrio entre a relaxación e os movementos necesarios para a execución, tomar conciencia do peso do brazo para o seu emprego correcto.
- Práctica dos diferentes movementos como caída libre, rotación, desprazamentos, etc. Movementos do pulso, cóbado e ombreiro.
- Técnica de acordes: emprego do brazo e simultaneidade.
- Iniciación na técnica dixital.
- Independencia entrámbalas dúas mans tanto na realización de esquemas diferentes como no relativo a dinámicas diversas.
- Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.
- Iniciación ao emprego do pedal. Coñecemento do seu funcionamento e práctica correcta do mesmo.
- Traballo do oído, asociando en cada momento o movemento realizado co son resultante.
- Control do tempo e o ritmo.
- Lectura a primeira vista con mans separadas, alternando unha e outra e simultaneamente.
- Harmonización e acompañamento de melodías nas tonalidades de Do M, Sol M, Fa M e La m, empregando os acordes I, V e IV.
- Enlace de acordes e Cadencia Perfecta.
- Exercicios sinxelos de improvisación en pequenos motivos, semifrases e frases.
- Análise da estrutura formal e harmónica das pezas traballadas.

Temporalización

1ª avaliación:

Posición correcta do corpo. Lectura a primeira vista. Técnica de acordes. Armonización.
Contidos mínimos: Concatenación de acordes. Lectura a primeira vista con un pouco de soltura.

2ª avaliación:

Técnica dixital. Emprego do pedal.
Contidos mínimos: Consolidación dos mínimos da primeira avaliación. Distintos métodos de técnica.
Aplicación do pedal de resonancia.

3ª avaliación:

Traballo do oído. Control do tempo e ritmo.
Contidos mínimos: Consolidación mínimos da segunda avaliación. Traballo auditivo cas leccións.
Traballo do tempo e ritmo.

III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretación de **tres obras** de nivel acorde cos aspectos técnicos incorporados durante o curso e os criterios musicais correspondentes, tendo en conta sempre as posibilidades de cada alumno.
- Non se esixirá a participación nas audicións do curso, pero si se terá en conta a dispoñibilidade de participación do alumno para tocar en público.

IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Valorarase o coñecemento do instrumento por parte do alumno e a súa capacidade para empregar as súas posibilidades sonoras.
- A correcta interpretación das pezas traballadas no curso, tanto nos aspectos técnicos básicos como nos que se refiren ao estilo.
- A capacidade de lectura a primeira vista dun fragmento ou peza e a comprensión do seu contido.
- A capacidade desenvolvida para acompañar unha melodía e improvisar, basicamente, a partir dun esquema dado.

Valoraranse cada un dos apartados que se teñen en conta nos criterios de avaliación establecidos na presente programación, é dicir, o bloque V pensado para cada curso, de xeito que ao remate da avaliación farase unha media de ditos apartados, sendo imprescindible para a superación da materia acadar unha calificación mínima de 5.

V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Amosar, dun xeito elemental, o coñecemento do instrumento e as súas posibilidades sonoras.
- Interpretar pezas de acordo cos aspectos básicos da técnica pianística e dos criterios musicais correspondentes.
- Ler fragmentos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Realizar, dun xeito básico, exercicios da práctica do acompañamento e a improvisación, de acordo cos contidos do curso.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS

MÉTODOS DE INICIACIÓN

Método Europeo

“El Piano”	J. S. Bastien.
.....	
“El Piano”	Tchokov/Gemiu
.....	
“La iniciación al piano”	V. S. De Gainza
.....	
Escuela Rusa	Nikolaiev
.....	

OBRAS

Libro de Nannerl	W. A. Mozart
.....	

Álbum de la Juventud	Schumann
.....	
Cuaderno de Adriana	A. G. Abril
.....	
Mikrokosmos I	B. Bartók
.....	
Los cinco dedos	I. Stravinsky
.....	

LECTURA A PRIMEIRA VISTA

“El piano a primera vista”	Benjamí Santacana
.....	
“Una línea al día”	J. S. Bastien
.....	

PRÁCTICA DO ACOMPAÑAMENTO E IMPROVISACIÓN

“Piano práctico”	Alfonso Sánchez
.....	
“Piano complementario”	E. M ^a Gutierrez G.
.....	
“Piano complementario”	Emilio Molina
.....	
“Piano complementario”	Rosa I. Rodríguez
.....	

5. SEGUNDO CURSO (4º curso de E. Profesionais)_____

I. OBXECTIVOS

- Ampliar e afondar nos aspectos relativos á técnica pianística.

- Continuar coa adquisición de hábitos correctos de estudio.
- Interpretar pezas sinxelas, de diferentes estilos, nas que se porán en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Analizar e comprender as pezas que se traballan ao longo do curso.
- Contribuír á formación do alumnado nun criterio estético e estilístico a través do repertorio pianístico que pola súa grande diversidade e amplitude, acada aspectos aos que non sempre é posible acceder a través doutros instrumentos.
- Educar o oído tanto nos aspectos relativos á calidade sonora como naqueles relacionados co recoñecemento das estruturas harmónico-contrapuntísticas.
- Adquirir unha destreza elemental na práctica do acompañamento e da improvisación.

II. CONTIDOS

- Continuar co traballo dos diferentes elementos da técnica pianística, con atención á naturalidade e sen desligalos nunca dos aspectos sonoros.
- Afondar no correcto emprego do pedal.
- Principios de dixitalización.
- Coñecemento e aplicación do criterios estilísticos relacionados co repertorio escollido.
- Lectura a primeira vista.
- Harmonización e acompañamento de melodías nas tonalidades de Do M, Sol M, Fa M, La m, Re m e Mi m, empregando os acordes I, V, IV e II.
- Enlace de acordes nas tres posicións (man esquerda, baixo e man dereita, corpo harmónico). Cadencias Perfecta e Semicadencia.
- Exercicios sinxelos de improvisación en frases.
- Análise da estrutura formal e harmónica das pezas traballadas.

Temporalización

1ª avaliación:

Principios de dixitación. Perfeccionamento da lectura a vista. Traballo dunha obra nun dos estilos

seleccionados.

2ª avaliación:

Armonización e acompañamento de melodías en tonalidades sinxelas (ata unha alteración). Emprego dos acordes I, IV, V e II. Cadencias perfecta e semicadencia.

3ª avaliación:

Consolidación dos contidos traballados en trimestres anteriores. Exercicios sinxelos de improvisación de frases.

III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretación de **tres obras** de nivel acorde cos aspectos técnicos incorporados durante o curso e os criterios musicais correspondentes, tendo en conta sempre as posibilidades de cada alumno.
- Non se esixirá a participación nas audicións do curso, pero si se terá en conta a dispoñibilidade de participación do alumno para tocar en público.

IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Valorarase o coñecemento do instrumento por parte do alumno e a súa capacidade para empregar as súas posibilidades sonoras.
- A correcta interpretación das pezas traballadas no curso, tanto nos aspectos técnicos básicos como nos que se refiren ao estilo.
- A capacidade de lectura a primeira vista dun fragmento ou peza e a comprensión do seu contido.
- A capacidade desenvolvida para acompañar unha melodía e improvisar, basicamente, a partires dun esquema dado.

Valoraranse cada un dos apartados que se teñen en conta nos criterios de avaliación establecidos na presente programación, é dicir, o bloque V pensado para cada curso, de xeito que ao remate da avaliación farase unha media de ditos apartados, sendo imprescindible para a superación da materia acadar unha calificación mínima de 5.

V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Amosar, dun xeito elemental, o coñecemento do instrumento e as súas posibilidades sonoras.
- Interpretar pezas de acordo cos aspectos básicos da técnica pianística e dos criterios musicais correspondentes.

- Ler fragmentos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Realizar, dun xeito básico, exercicios da práctica do acompañamento e a improvisación, de acordo cos contidos do curso.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS

OBRA POLIFÓNICA

Álbum de Ana M^a Magdalena J. S. Bach

OBRA CLÁSICA

Un movemento de Sonatina a escoller entre os de Haydn, Mozart, Dussek, Kullak ou Beethoven.

OBRA ROMÁNTICA

Álbum de la Juventud..... Schumann

Laender Schubert

Piezas líricas Grieg

Álbum de la Juventud Tchaikovsky

OBRA MODERNA

Mikrokosmos. Für Kinder..... B. Bartók

Piezas infantiles Kabalewsky

Cuadernos de A. García
Adriana Abril

Piezas Op. Prokofiev
65

Escollerase unha peza de cada apartado entre as relacionadas ou outras de semellante dificultade e estilo. Para a práctica do acompañamento e a improvisación recoméndanse os métodos citados no primeiro curso.

6. TERCEIRO CURSO (5º Curso de E. Profesionais)

I. OBXECTIVOS

- Ampliar e afondar nos aspectos relativos á técnica pianística.
- Continuar coa adquisición de hábitos correctos de estudo.
- Interpretar pezas sinxelas, de diferentes estilos, nas que se porán en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Analizar e comprender as pezas que se traballan ao longo do curso.
- Contribuír á formación do alumnado nun criterio estético e estilístico a través do repertorio pianístico que pola súa grande diversidade e amplitude, acada aspectos aos que non sempre é posible acceder a través doutros instrumentos.
- Educar o oído tanto nos aspectos relativos á calidade sonora como naqueles relacionados co recoñecemento das estruturas harmónico-contrapuntísticas.
- Adquirir unha destreza elemental na práctica do acompañamento e da improvisación.

II. CONTIDOS

- Desenvolvemento progresivo dos diferentes elementos da técnica pianística, con atención á naturalidade e a súa relación do resultado sonoro.
- Afondar no correcto emprego do pedal.
- Principios de dixitalización.
- Coñecemento e aplicación do criterios estilísticos relacionados co repertorio escollido.
- Lectura a primeira vista.
- Harmonización e acompañamento de melodías nas tonalidades de Do M, Sol M, Fa M, La m, Re m e Mi m, empregando os acordes I, V, IV e VI.
- Enlace de acordes nas tres posicións (man esquerda, baixo e man dereita, corpo harmónico). Cadencias Perfecta e Plagal.
- Exercicios sinxelos de improvisación en frases.
- Análise da estrutura formal e harmónica das pezas traballadas.

Temporalización

1ª avaliación:

Consolidación dos contidos traballados nos cursos anteriores. Traballo dos diferentes elementos da técnica pianística. Traballo dunha obra dun dos estilos seleccionados.

2ª avaliación:

Enlaces de acordes nas 3 posicións. Cadencias perfecta e plagal.

3ª avaliación:

Exercicios sinxelos de improvisación de frases. Análisis da estrutura formal e armónica das obras.

III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretación de **tres obras** de nivel acorde cos aspectos técnicos incorporados durante o curso e os criterios musicais correspondentes, tendo en conta sempre as posibilidades de cada alumno.
- Non se esixirá a participación nas audicións do curso, pero si se terá en conta a dispoñibilidade de participación do alumno para tocar en público.

IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Valorarase o coñecemento do instrumento por parte do alumno e a súa capacidade para empregar as súas posibilidades sonoras.
- A correcta interpretación das pezas traballadas no curso, tanto nos aspectos técnicos básicos como nos que se refiren ao estilo.
- A capacidade de lectura a primeira vista dun fragmento ou peza e a comprensión do seu contido.
- A capacidade desenvolvida para acompañar unha melodía e improvisar, basicamente, a partires dun esquema dado.

Valoraranse cada un dos apartados que se teñen en conta nos criterios de avaliación establecidos na presente programación, é dicir, o bloque V pensado para cada curso, de xeito que ao remate da avaliación farase unha media de ditos apartados, sendo imprescindible para a superación da materia acadar unha calificación mínima de 5.

V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler fragmentos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Realizar, dun xeito básico, exercicios da práctica do acompañamento e a improvisación, de acordo cos contidos do curso.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS

OBRA POLIFÓNICA

Álbum de Ana M^a Magdalena – Pequenos preludios J. S. Bach

OBRA CLÁSICA

Un movemento de sonatina a escoller entre os de Haydn, Mozart, Dussek, Kullak ou Beethoven.

OBRA ROMÁNTICA

Álbum de la Juventud..... Schumann

Piezas líricas Grieg

Álbum de la Juventud Tchaikovsky

OBRA MODERNA

Mikrokosmos. Für Kinder B. Bartók

Piezas infantiles Kabalewsky

Piezas Op. 65 Prokofiev

Piezas infantiles Katchaturian

“Álbum de Colien” Honegger,
C.C.

Escollerase unha peza de cada apartado entre as relacionadas ou outras de semellante dificultade e estilo.

Para a práctica do acompañamento e a improvisación recoméndanse os métodos citados no primeiro curso.

7. CUARTO CURSO (6º Curso de E. Profesionais)

I. OBXECTIVOS

- Ampliar e afondar nos aspectos técnicos traballados en cursos anteriores.
- Insistir na importancia dos hábitos de estudo, potenciando unha autonomía e autocrítica progresivamente maior no alumno á hora do traballo persoal.
- Leer fluidamente partituras a primeira vista.
- Analizar e comprender as pezas que se traballan ao longo do curso, así como dalgúñas do repertorio do seu instrumento principal.
- Contribuír á formación do alumnado nun criterio estético e estilístico a través do repertorio pianístico que pola súa grande diversidade e amplitude, acada aspectos aos que non sempre é posible acceder a través doutros instrumentos.
- Educar o oído tanto nos aspectos relativos á calidade sonora como naqueles relacionados co recoñecemento das estruturas harmónico-contrapuntísticas.
- Adquirir unha destreza elemental na práctica do acompañamento e da improvisación.

II. CONTIDOS

- Afianzar e ampliar o traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística, sempre unidos aos aspectos musicais.
- Uso do pedal de resonancia cunha esixencia maior tanto no criterio do seu emprego como na perfección no seu uso.
- Criterios de dixitación.
- Coñecemento e aplicación do criterios estilísticos relacionados co repertorio escollido.
- Lectura a primeira vista.
- Harmonización e acompañamento de melodías nas tonalidades maiores e menores ata 3 sostidos e 3 bemoles con todos os acordes e dominantes secundarias. Modulacións: V, IV e relativo.
- Enlace de acordes nas tres posicións. Cadencias Perfecta, Plagal, Semicadencia e Rota.
- Improvisación de pequenas pezas na estrutura ABA.
- Traballo con música popular. Práctica de temas con cifrado de acordes.

Temporalización

1ª avaliación:

Profundización no uso do pedal de resonancia. Dixitación. Traballo dunha obra dun dos estilos seleccionados. Lectura a primeira vista.

2ª avaliación:

Armonización e acompañamento de melodías nas tonalidades maiores e menores ata 3 alteracións. Enlaces de acordes nas 3 posicións.

3ª avaliación:

Cadencias perfecta, plagal, semicadencia e rota. Estructuras ABA. Música popular, traballo de temas con cifrado americano.

III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretación de **tres obras** de nivel acorde cos aspectos técnicos incorporados durante o curso e os criterios musicais correspondentes, tendo en conta sempre as posibilidades de cada alumno.
- Non se esixirá a participación nas audicións do curso, pero si se terá en conta a dispoñibilidade de participación do alumno para tocar en público.

IV. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Valorarase o coñecemento do instrumento por parte do alumno e a súa capacidade para empregar as súas posibilidades sonoras.
- A correcta interpretación das pezas traballadas no curso, tanto nos aspectos técnicos básicos como nos que se refiren ao estilo.
- A capacidade de lectura a primeira vista dun fragmento ou peza e a comprensión do seu contido.
- A capacidade desenvolvida para acompañar unha melodía e improvisar, basicamente, a partir dun esquema dado.

Valoraranse cada un dos apartados que se teñen en conta nos criterios de avaliación establecidos na presente programación, é dicir, o bloque V pensado para cada curso, de xeito que ao remate da avaliación farase unha media de ditos apartados, sendo imprescindible para a superación da materia acadar unha calificación mínima de 5.

V. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler fragmentos a primeira vista con fluidez e comprensión..
- Interpretar pezas de acordo cos aspectos básicos da técnica pianística e dos criterios musicais correspondentes.
- Amosar o coñecemento do instrumento e as súas posibilidades sonoras
- Realizar, dun xeito básico, exercicios da práctica do acompañamento e a improvisación, de acordo cos contidos do curso.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS

OBRA POLIFÓNICA

Pequeños preludios J. S. Bach

Invenções a dos voces J. S. Bach

Álbum de Ana Mª Magdalena J. S. Bach

OBRA CLÁSICA

Un movemento de sonatina a escoller entre os de Haydn, Mozart, Dussek, Kullak ou Beethoven.

OBRA ROMÁNTICA

Álbum de la Juventud..... Schumann

Piezas líricas Grieg

Álbum de la Juventud Tchaikovsky

OBRA MODERNA

Mikrokosmos. Für Kinder B. Bartók

Piezas infantiles Kabalewsky

Piezas Op. 65 Prokofiev

Piezas infantiles Katchaturian

“Álbum de Colien” Honegger, C.C

Escollerase unha peza de cada apartado entre as relacionadas ou outras de semellante dificultade e estilo.

Para a práctica do acompañamento e a improvisación recoméndanse os métodos citados no 1º curso.

8. PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS

O alumnado que faga probas de acceso a cursos nos que se imparte esta materia terá que examinarse dos contidos do curso inmediatamente inferior ao que se presenta. A proba consistirá en interpretar un programa de tres pezas de diferentes estilos de dificultade correspondente a dito curso. Para avaliar empregaranse os criterios de avaliación recollidos en cada curso desta programación.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias á persoa interesada) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignaturas do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se a persoa solicitante acadara unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto

ANEXOS:

Avaliación Ordinaria										
		Puntuacións:								
Grao Profesional		0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1

Total:

Probas de Acceso		Puntuacións:								
Grao										
Profesional		0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1

Total:

Avaliación		Puntuacións:								
Extraordinaria										
Grao Profesional		0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1

Total: